



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-13

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

5 de Xullo de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:03

Hora de Finalización

10:11

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 26.06.2024 (ACTA 2024/12)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º CONTA XUSTIFICATIVA DA ACTUACION "REHABILITACION DAS FACHADAS DO EDIFICIO DE SERVIZOS DAS PISCINAS MUNICIPAIS" EXECUTADA AO ABEIRO DA RESOLUCION DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, DO 11 DE DECEMBRO DE 2023 (DOG NÚM. 10, DO 15/01/2024) DE AXUDAS PARA ACTUACIONES DE CORRECCION DE IMPACTOS PAISAXISTICOS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA (MT402B).

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución do **Instituto de Estudos do Territorio**, de data **19 de abril de 2022**, das de axudas a concellos de actuacións para corrección de impactos paisaxísticos, para a execución da actuación chamada "**Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais**" (**0019/2024MT402B**)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra denominada "**Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais**" (**0019/2024MT402B**) de data 04/07/2024, por un importe total de **18.860,85 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**PRIMEIRO.** Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada **“Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais” (0019/2024MT402B)** cofinanciada polo **Instituto de Estudos do Territorio**, por un importe total de **18.860,85 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**, nos termos nos que se atopa redactada.

**SEGUNDO.** Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

**Núm. 14/2024 de Aluvero Aluminios 2004, S.L.** de data **05/07/2024** correspondente a certificación núm. 1, liquidación da devandita obra, por importe de **18.860,85 euros**.

**Núm. 12/2024 de Arquitega, S.L.** de data **04/07/2024** correspondente aos honorarios técnicos da actuación en cuestión, por importe de **1.896,08 euros**.

**TERCEIRO.** Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

**CUARTO.** Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

**QUINTO.** Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

